

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE O DÍA 13/06/2015, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓN S LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 24/05/2015 EN 1ª CONVOCATORIA.-**

**ASISTENTES**

**Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
María del Rocío Marcote Canosa  
Santiago Insua Esmoris-Recamán

**Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)**

José Marcote Suárez  
Soledad Vilela Romero  
Alexandre Dominguez Lado  
Maria Rocío Mariño López

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

**Converxencia Galega (C.G)**

Juan Agustín García Pouso

**Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

**No salón de sesións da casa do concello de Fisterra, as 12:00 horas do día 13/06/2015, para cumpri-lo que dispoñen os Art. 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, e Art. 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e a elección do alcalde, reúnen se na sesión pública, os Sres/Sras. concelleiros/as electos nas eleccións locais celebradas o día 24 de Maio de 2015, que son os que á marxe se expresan, asistidos polo secretario da corporación, quen fai constar que foi cuberto o requisito que preceptúa o Art. 7º do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.**

**Téndose cumprido por todos os concelleiros electos o deber de formular ante o Rexistro de Intereses a declaración a que fai referencia o Art. 30-2 a) do**

Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xuridico das Entidais Locais. Aberta a sesión procédese a :

**Formación da mesa de idade, xuramento ou promesa da corporación e proclamación de candidatos para a elección de alcalde.**

Seguidamente, **procedeuse a forma-la mesa de idade** pola **Concelleira electa de maior idade, Teresa Fernández Martínez**, que pasa a presidila, e polo de menor idade, **Juan Alexandre Dominguez Lado**, actuando como **Secretario** da mesma, **José Ramón Lema Fuentes** que é o da propia Corporación.

Constituída, procédese a **comproba-las credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos Art. 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido regulamento por dita mesa, Declarase constituída a corporación**, logo do cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Srs./Sras. concelleiros/as asistentes, segundo dispón o Art. 108.6 da mesma Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a formula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril (BOE do día 6) :

**¿ Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ó Rei, e gardar e facer garda-la Constitución, como norma fundamental do estado ?**

A **modalidade de Xuramento** é utilizada polos **Concelleiros:**

**José Manuel Traba Fernández ( PP )  
Daniel Juan Benlloch Rivas ( PP )  
María del Rocío Marcote Canosa ( PP )  
Santiago Insua Esmoris-Recamán ( PP )**

A **modalidade de promesa** é utilizada polos **Concelleiros:**

**José Marcote Suárez (PSdeG-PSOE)  
Soledad Vilela Romero (PSdeG-PSOE)  
Alexandre Dominguez Lado ( PSdeG-PSOE)  
María Rocio Mariño López ( PSdeG-PSOE )**

**Xan Carlos Sar Oliveira  
( BLOQUE NACIONALISTA GALEGO- ASEMBLEAS ABERTAS)**

**“ Prometo por imperativo legal co compromiso de defender os intereses xerais do Concello de Fisterra e do pobo galego “**

**Teresa Fernández Martínez  
( BLOQUE NACIONALISTA GALEGO- ASEMBLEAS ABERTAS)**

**“Prometo por imperativo legal co compromiso de defender os intereses xerais do Concello de Fisterra e do pobo galego “**

**Juan Agustín García Pouso ( Convergencia Galega )**

## Por Fisterra, xuro e prometo

Acto seguido, procédese de acordo co que dispón o **Art. 196 da repetida Lei orgánica, á proclamación de candidatos para a Elección de Alcalde** de entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, **resultando presentados os seguintes:**

Nome e apelidos dos candidatos	Lista ou candidatura na que están integrados
José Manuel Traba Fernández	Partido Popular ( PP )
José Marcote Suárez	Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

Seguidamente, consonte o que dispón o **Art. 196 da citada Lei orgánica 5/1985, procédese á Elección de Alcalde acordándose por unanimidade dos asistentes, que se realice mediante o sistema de votación NOMINAL para elixilo de entre os candidatos proclamados a dito cargo , todo elo en base ó que establece o Art. 102.1 do xa mencionado regulamento, resultando proclamado ALCALDE pola maioría absoluta que prevé o Art. 196-b) da Lei electoral xeral:**

Apelidos e nome	Número de votos obtidos	
	en letra	en número
José Marcote Suárez	Sete	7

O Sr. José Marcote Suárez, despois de prestar Promesa na forma anteriormente mencionada, Toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando ocupa-la presidencia.

JOSE MARCOTE SUAREZ, Alcalde, dirixíndose ó público e membros da Corporación, manifesta :

“ Bos días a todas e a todos e moitas grazas por estar hoxe aquí.-

Antes de nada quero dedicarlle unhas palabras ao goberno sainte.

E obvio que eu hoxe estou aquí porque nunca estiveron de acordó coa súa maneira de proceder no goberno de Fisterra, senón eu estaría ahí sentado no medio de todos vos e e non aquí arriba.

De todos os xeitos quero creer, que o que fixeron, fixérono no convencemento de que era o mellor para Fisterra, e nese sentido pensó que é xusto recoñecerlles o tempo adicado a labor política.

Por eso como alcalde de Fisterra quero pedirvos un primeiro favor que é adicarlles un aplauso de agradecemento.

E quero tamén comunicarlles hoxe mesmo que este goberno sempre vai contar con eles e vai a ofrecerlles a oportunidade de seguir traballando por Fisterra.

**Nos intentaremos por todos os medios que este gobernó estea composto por 11 concelleiros e non por 6.**

**Xa en plan particular, podería decir que hoxe é un dos días mais felices da miña vida, pero xa empezariamos mal, por que eso non é certo.**

**Dias felices na miña vida tiveron moitos e espero seguir tendo mais, pero eses días son outros: o día que me casei con Gloria, os días que naceron os meus fillos Anxo e Xabi, e outro de índole mais ben familiar.**

**Hoxe o que sinto é unha gran responsabilidade e o medo de non poder levar a cabo totalmente todo o proxecto que temos para Fisterra.**

**Pero tamén sei que si esto non me preocupara eu non serviría para asumir ningunha responsabilidade e polo tanto non serviría para ser o voso alcalde.**

**O que tamén sinto é un grande ilusión e unha gañas enormes de poñerme a traballar por Fisterra.**

**E tamén teño esperanza, a esperanza de que ese traballo dea o seu fruto, porque sin esperanza non hai nada.**

**Fisterranas e Fisterráns:**

**Hoxe non é o día en que nos, o BNG e os Socialistas comenzamos a gobernar Fisterra.**

**Ide preparando as vosas ideas, queixas, proxectos, porque queremos escoitarvos e atendervos. Esta é a casa de todos.**

**Non hoxe non é o día en que os que estamos aquí arriba empezamos a gobernar Fisterra.**

**Hoxe é o día en que todos vos empezades a gobernar Fisterra**

**Bos días de novo e que teñades unha boa fin de seman “**

**E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto levantándose a sesión ás 12:20 horas do día de hoxe, de todo o que, como secretario, dou fe.**